


# GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria





## XUNTA DIRECTIVA DA AGAMFEC

### **Presidente**

Manuel Domínguez Sardiña

### **Vicepresidentes**

María Jesús Freiria Tato  
Jesús Sueiro Justel

### **Secretario**

Vital José Diéguez Pereira

### **Tesoureira**

María Nuñez Temes

### **Vogal de Docencia**

Ricardo Iglesias Losada

### **Vogal de Investigación**

M<sup>a</sup> Victoria Martin Miguel

### **Vogal de Prensa**

Begoña Peiteado Garrido

### **Vogal del PAPPS**

M<sup>a</sup> José Veleiro Tenreiro

### **Vogal de Médicos Xovenes**

Flora Miranda Pena

### **Vogal de grupos de traballo**

Jaime González Rey

### **Vogal de Medicina Rural**

Gabriel Díaz Grávalos

### **Vogais de Residentes**

Alberto Touceda Bravo  
Ángel Piñeiro López

## SECRETARÍA TÉCNICA DA AGAMFEC

Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq.

15004. A Coruña

Teléfono: 981 216 416

Fax: 981 217 542

e-mail: [congrega@congrega.es](mailto:congrega@congrega.es)

## GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

### **1 GRUPO DE ALCOHOL**

Responsable: *Jacinto Mosquera Nogueira*

### **2 GRUPO DE ATENCIÓN Á MULLER**

Responsable: *Abel Coutado Méndez*

### **3 GRUPO DE CIRURXÍA MENOR**

Responsable: *Javier Maestro Saavedra*

### **4 GRUPO DE COIDADOS PALIATIVOS**

Responsable: *David Vaquerizo García*

### **5 GRUPO DE COMUNICACIÓN E SAÚDE**

Responsable: *Ana Carvajal de la Torre (Coordinadora)*

### **6 GRUPO DE DIABETE**

Responsable: *Fco. Javier García Soidán*

### **7 GRUPO DE DISLIPEMIAS**

Responsable: *Alberto J. Del Álamo Alonso*

### **8 GRUPO DE HIPERTENSIÓN ARTERIAL**

Responsable: *Concepción González Paradela*

### **9 GRUPO DE PATOLOXÍA OSTEOARTICULAR**

Responsable: *Enrique Nieto Pol*

### **10 GRUPO DE RESPIRATORIO**

Responsable: *César Rodríguez Estévez*

### **11 GRUPO CARDIOVASCULAR**

Responsable: *Luis Fransi Galiana*

### **12 GRUPO DE TABAQUISMO**

Responsable: *Xulio Castañal Canto*

### **13 GRUPO DE URXENCIAS:**

Responsable: *Fernando Souto Mata*

### **14 GRUPO DE VIOLENCIA DOMÉSTICA**

Responsable: *Rosana Izquierdo Fernández*

### **15 PROPOSTA DE FORMACIÓN DO GRUPO DE BIOÉTICA**

Responsable: *Pilar Vázquez Pumariño*

### **16 GRUPO DE ENFERMIDADES UROLÓXICAS**

Responsable: *Mónica Diosdado Figueirido*

### **17 GRUPO DE RESPONSABILIDADE PROFESIONAL**

Responsable: *Vital Diéguez Pereira*

### **18 GRUPO DE ENFERMIDADES INFECCIOSAS**

Responsable: *Marina Pol Sueiro*

## ¿QUE É A AGAMFEC?

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servizos ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Artículase en Seccións (Docencia, Investigación, PAPPs, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estrutura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

### ¿Cales son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando os coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir o mellor cumprimento destes obxectivos.

### ¿Que ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constitúan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFEC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interés para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poña en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

### ¿Quen pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean dacordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 10 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da agamFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de asociados.

Para contribuir á mellora da Atención Primaria en Galicia:

**¡Asóciate a AGAMFEC!**

## RECURSO INTERPOSTO POLA AGAMFEC CONTRA O SERGAS (OPE DO 2006)

A Xunta Directiva da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria INTERPUXO UN RECURSO ANTE O BAREMO DA OPE DE MÉDICOS DE FAMILIA CONVOCADA POLO SERGAS (DOG do 26-12-06). Os argumentos en que nos baseamos establécense en torno ao feito de que aínda que se concedan 7,5 puntos á especialidade vía mir (só válida esta vía), non se fixa unha puntuación máxima (nin caducidade-antigüidade dos cursos) en concepto de formación continuada, estable-

cendo a posibilidade de alcanzar o total de puntuación por formación con este apartado. Tampouco se valoran na súa xusta medida o Exame de Grado, Suficiencia Investigadora, Cursos de Doutoramento e Teses por este mesmo razoamento. Isto significa que se desvirtúa a especialidade, así como a formación regulada, o que atenta non só contra o Decreto do 95 senón contra a filosofía do SERGAS de mellorar a calidade da Atención Primaria en Galicia.

## XORNADA IODO E SAÚDE. 23 DE FEBREIRO DE 2007

Ramón Veras Castro participou en representación de AGAMFEC nestas xornadas organizadas pola Consellaría de Sanidade. O obxectivo das xornadas era estimular a utilización do iodo no embarazo e lactación e presentar unha declaración asinada polas sociedades científicas e diversas institucións. Esta é a presentación do representante de AGAMFEC (o ficheiro de powerpoint pode verse como material adicional na páxina web):

### DIAPOSITIVA Nº 1:

Ola, Bos días

Quero agradecer a invitación á Asociación de Medicina de Familia a participar na elaboración do manifesto e nestas xornadas e felicitar á Consellaría de Sanidade por esta iniciativa, esperada por moitos desde hai tempo.

O meu obxectivo nesta intervención non é dar ningunha lección de iodoprofilaxe. Os ponentes anteriores ilustraron suficientemente sobre a materia.

O meu obxectivo é, simplemente, definir a posición da AGAMFEC sobre a utilización do iodo no embarazo e lactación e facer algún comentario sobre a aplicación práctica da iodoprofilaxe.

### DIAPOSITIVA Nº 2:

Primeiro quero facer un comentario sobre a chamada 'medicalización' do embarazo como unha posible resistencia.

Recoñecer a gran variabilidade da práctica clínica actual.

E finalmente definir a posición da AGAMFEC.

### DIAPOSITIVA Nº 3:

Está claro que o embarazo é un momento especial da vida da muller e da parella. Son meses de ilusións, temores e preocupacións para a maioría das mulleres que demandan unha atención particular e específica.

O embarazo non se pode substraer do aumento de frecuentación das consultas pero a miña impresión é que a atención ao embarazo está realizándose dun modo un tanto ineficiente. Por un lado, segue habendo mulleres con moi poucas visitas prenatais e con problemas durante a xestación ás que nos resulta difícil acceder e, por outra banda, hai moitas mulleres que non paran de ir de consulta en consulta: matrona-médico de familia-obstetra público-obstetra privado-análises-ecografías-repetición de ecografías-videos-psicoprofilaxe...etcétera.

Ás veces, tanto profesionais como mulleres temos a sensación de fatura e, nese contexto, unido a descoñecemento, hai certa resistencia a administrar un medicamento máis. Isto convén telo en conta e obriga a facer un esforzo suplementario por informar ás mulleres, como cidadás obxectivo, e informar e formar aos profesionais.


### DIAPOSITIVA Nº 4:

O ioduro potásico aprobouse en España no 2004. É un fármaco moi recente. Anteriormente usábanse ás veces preparados multivitamínicos.

Esta diapositiva é unha mostra da variabilidade da práctica clínica actual. O uso de Yoduk en receita do Sergas non é un indicador válido para coñecer a realidade da iodoprofilaxe en Galicia pero sí, cando menos, expresa a variabilidade existente sobre unha práctica teóricamente de gran consenso científico.

FIGURA 1

Diapositiva número 4



Fonte: Subdirección de Farmacia e Productos Sanitarios. Sergas

Aquí observamos o número de envases de yoduk 200 prescritos en receitas do Sergas en Atención Primaria no 2005, en branco, e no 2006, en amarelo. Hai un incremento evidente dun ano para outro e, sen dúbida, tamén chama a atención a diferenza entre as distintas Áreas de Saúde. Estas receitas foron asinadas polos médicos de atención primaria pero apostaría que a decisión destas prescricións tomárona, nunha gran porcentaxe, o colectivo de matronas de atención primaria.


Quero aproveitar para recoñecer e agradecer o liderazgo das matronas na aplicación práctica desta e outras medidas preventivas na atención da muller e o feto.

**DIAPOSITIVA Nº 5:**

Istos son os datos brutos de receitas de yoduk 200 nos hospitais do Sergas. Tamén se pode apreciar unha sorprendente variabilidade.

FIGURA 2

Diapositiva número 5



Fonte: Subdirección de Farmacia e Productos Sanitarios. Sergas


**DIAPOSITIVA Nº 6:**

E aquí podemos observar os mesmos datos en forma de taxa: o número de envases de yoduk 200 no 2006 pres-

critos en receita do Sergas nos hospitais por cada 1000 mulleres de 15 a 45 anos da súa poboación de referencia. A maior taxa de prescrición dase en Virxen da Xunqueira en Cee, seguido dos hospitais de Ourense (o Xeral, Verín e Valdeorras) e as menores taxas son para o xeral de Lugo, o da Costa en Burela e finalmente o Juan Canalejo.

FIGURA 3

Diapositiva número 6



Fonte: Sergas. Elaboración propia

Non se trata de tirar das orellas a ninguén. Non son quen para iso e, ademais esta información non ten validez suficiente para iso.

Estamos empezando co Ioduk pero TODOS temos que poñernos as pilas e tomar consciencia da nosa responsabilidade.

**DIAPOSITIVA Nº 7:**

A Sociedade Española de Medicina de Familia, a semFYC leva anos co seu Programa de Actividades Preventivas e de Promoción da Saúde, un programa de gran credibilidade e moi utilizado en atención primaria.

Na revisión de 2005 recomenda a utilización de iodo potásico 200 microgramos por día durante todo o embarazo e lactación.

Pode verse na revista atención primaria no segundo suplemento do ano 2005 ou na páxina web papps.org.

**DIAPOSITIVA Nº 8:**

Por último, expresar que a Asociación Galega de Medicina de Familia recomenda a utilización universal de sal iodado e o complemento no embarazo e lactación de 200 microgramos de iodo potásico.

Que é necesario tomar conciencia da necesidade de responsabilizarnos como sanitarios da aplicación da iodoprofilaxe e da responsabilidade da Consellaría no seu liderazgo.

E ofrecernos, como sociedade científica, a colaborar no seguimento do programa ou en calquera actividade na que se nos considere de utilidade para o mesmo.  
Grazas

## PROGRAMA XII XORNADAS GALEGAS DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA

### VENRES 20 DE ABRIL

#### Sala B

16.00 - 20.00 hrs. **Obradoiro I**  
Cirurxía Menor

#### Sala C

16.00 - 20.00 hrs. **Obradoiro II**  
Carro da compra

#### Sala A

17.00 - 18.30 hrs. **Mesa redonda:**  
Violencia de xénero

##### Moderadora:

Rosana Izquierdo Fernández  
Médico de Familia. Centro de Saúde de Coruxo- Vigo

##### Ponentes:

José Luis Fernández Sastre  
Psiquiatra. Hospital Nicolás Peña. Vigo  
Manuel Angel Pereira Costa  
Maxistrado Xulgado de violencia sobre a muller nº 1. Vigo  
Ana Belén Pérez Gómez  
Subdirectora Instituto Medicina legal de Galicia

#### Sala D

17.00 - 19.00 hrs. **Obradoiro III**  
Tabaco

#### Sala A

18.30 - 19.30 hrs. **Simposium (GlaxoSmithKline)**  
Actualidade no manexo de  
osteoporose post-menopausia  
José M<sup>a</sup> Pego Reigosa  
Hospital Meixoeiro. Vigo

19.30 - 19.45 hrs. **Pausa - café**

#### Sala A

19.45 - 20.30 hrs. **Mesa de comunicacións**

#### Sala D

19.45 - 20.30 hrs. **Mesa de comunicacións**

#### Sala A

20.30 - 21.00 hrs. **Inauguración oficial**

### SÁBADO 20 DE ABRIL

#### Sala A

9.30 - 11.00 hrs. **Mesa redonda**  
Manexo da demencia

##### Moderadora:

Dolores Molina Poch  
Médico de Familia Centro de Saúde de Lérez. Pontevedra

##### Ponentes:

Susana Mederer Hengstl  
Xefe de Servizo de Neuroloxía.  
Complejo Hospitalario de Pontevedra  
María Teresa Olcoz Chiva  
Xeriatra. Complejo Hospitalario Universitario de Vigo  
Peregrina Eiroa Patiño  
Médico de Familia. Centro de Saúde de Coia. Vigo

#### Sala B

9.30 - 13.30 hrs. **Obradoiro IV**  
Soporte Vital Avanzado

#### Sala C

9.30 - 13.30 hrs. **Obradoiro V**  
Infiltracións

#### Sala D

11.00 - 13.00 hrs. **Obradoiro VI**  
Espirometría

#### Sala A

11.00 - 11.45 hrs. **Mesa de comunicacións**

#### Sala E

11.00 - 11.45 hrs. **Mesa de comunicacións**

11.45 - 12.15 hrs. **Pausa-café**

#### Sala A

12.15 - 13.30 hrs. **Mesa redonda**  
Coordinación entre niveis asistenciais

##### Moderador:

Fernando Lago Deibe  
Director de docencia, investigación e calidade. Xerencia  
Atención Primaria. Pontevedra - Vigo

**Ponentes:**

Julio Villar Barrerio  
Director Xeral de asistencia sanitaria. SERGAS  
José Luis Jiménez Martínez  
Especialista consultor. Complexo Hospitalario Ourense  
Ignacio Herrero de Paula  
Médico de familia. Centro de Saúde San Xosé. A Coruña

13.30 - 14.00 hrs. **Asamblea de AGAMFEC**

14.00 - 15.30 hrs. **Xantar**

**Sala B**

15.30 - 19.30 hrs. **Obradoiro VII**  
McGyver

**Sala C**

15.30 - 18.30 hrs. **Obradoiro VIII**  
Prevención de tromboembolismo

**Sala D**

15.30 - 19.00 hrs. **Obradoiro IX**  
Ecografía

**Sala A**

16.00 - 17.30 hrs. **Mesa Redonda**  
Axenda de calidade e xestión da burocracia

**Moderadora:**

Amparo Díaz Martínez  
Medico de Familia. Centro de Saúde de Meaño. Pontevedra

**Ponentes:**

Daniel Ferrer-Vidal Cortella  
Coordinador do grupo de xestión da Sociedade Catalana de Medicina Familiar y Comunitaria. Xerente de Atención Primaria. Terres de L'Ebre. Instituto Catalán de Saúde

Ana Clavería Fontán  
Xefe de Servicio de calidade Dirección de asistencia sanitaria-Sergas

Alberto Pérez Vázquez  
Médico de Familia. Centro de Saude de Bueu. Pontevedra

**Sala A**

17.30 - 18.15 hrs. **Mesa de comunicacións**

**Sala D**

17.30 - 18.15 hrs. **Mesa de comunicacións**

18.15 - 18.45 hrs. Pausa café

**Sala A**

18.45 - 19.30 hrs. **Conferencia**  
Avaliación de novos medicamentos

**Moderador:**

Jesús Sueiro Justel  
Medico de Familia. Centro de Saúde Concepción Arenal. Santiago

**Ponente:**

Carlos Rodríguez Moreno  
Farmacólogo clínico. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

**Sala A**

19.30 - 20.15 hrs. **Conferencia**  
Xestión por procesos

**Moderadora:**

María Victoria Martín Miguel  
Técnico de Saude Xerencia Atención Primaria de Pontevedra-Vigo

**Ponente:**

Francisco Pozo Muñoz  
Responsable unidade de calidade Área Sanitaria Norte de Málaga

20.15 - 20.45 hrs. **Acto de clausura**

22.30 hrs. **Cea**